

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 28 DE MAIO DE 2024**

### **PRESIDENTA:**

A alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Dolores Pan Lesta

### **ASISTENTES:**

D. Juan González Leirós  
D. Daniel Mallo Castro  
D. Ramón Boga Moscoso  
D. David López Saborido  
D<sup>a</sup> María Yolanda Díaz Baldomir  
D. Raúl Varela Fraguío  
D. Manuel Castro Uzal

### **INTERVENTORA MUNICIPAL:**

D<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez

### **SECRETARIA XERAL:**

D<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día vinte e oito de maio de maio do ano dous mil vinte e catro, réunese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Dolores Pan Lesta, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Juan González Leirós, D. Daniel Mallo Castro, D. Ramón Boga Moscoso, D. David López Saborido, D<sup>a</sup> María Yolanda Díaz Baldomir, D. Raúl Varela Fraguío e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora municipal, D<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez, e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 21 DE MAIO DE 2024**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 21 de maio de 2024, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 21 de maio de 2024.

## **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Xunta Electoral Provincial da Coruña, acordo de 23 de maio de 2024, polo que se fai pública a distribución de espazos gratuítos de propaganda electoral, nos medios de comunicación de titularidade pública, a prol das entidades políticas concorrentes ás eleccións ao Parlamento Europeo convocadas polo Real decreto 363/2024, de 9 de abril, efectuada pola Comisión de Radio e Televisión o día 22 de maio de 2024 e aprobada por esta xunta electoral provincial o 23 de maio. DOG núm. 101, de 27-05-2024.

- Xunta Electoral Central, Resolución de 24 de maio de 2024, da Presidencia da Xunta Electoral Central, de designación dos vogais non xudiciais das Xuntas Electorais Provinciais, aos que se refire o artigo 10.1.b) da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, en relación coas eleccións ao Parlamento Europeo de 9 de xuño de 2024. BOE núm. 127, de 25-05-2024.

- Xunta Electoral Central, Resolución de 23 de maio de 2024, da Presidencia da Xunta Electoral Central, pola que se corríxen erros na de 13 de maio de 2024, de proclamación de candidaturas ás eleccións de deputados e deputadas ao Parlamento Europeo, convocadas por Real decreto 363/2024, de 9 de abril, a celebrar o 9 de xuño de 2024. BOE núm. 127, de 25-05-2024.

- Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación e Cultura da excma. Deputación provincial da Coruña, Resolución do presidente da Deputación número 2024/21236, do 23 de maio de 2024, pola que se modifica a Resolución 2024/20139, de data 15 de maio de 2024, pola que se aproba a adxudicación aos concellos da provincia dos espectáculos correspondentes ao programa Rede Cultural 2024. BOP núm. 102, de 28-05-2024.

### **3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 16 ao 23 maio de 2024, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 632/2024 e rematan coa resolución da concelleira delegada da área de Servizos Sociais e Recursos Humanos núm. 672/2024, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
632/2024	16-05-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 21 de maio de 2024
633/2024	16-05-2024	Conceder a licenza municipal solicitada para a ocupación de 36 m <sup>2</sup> de vía pública na rúa Tapia, parroquia de O Temple, dende o 13 de maio ata o 13 de xullo de 2024, con motivo das obras de instalación dun sistema de illamento térmico polo exterior da fachada e impermeabilización das terrazas do edificio sito nas rúas Otero Pedraio, e Tapia, obras que contan co pertinente título habilitante trala presentación da comunicación previa de obras. Solicitante: R, S.L
634/2024	16-05-2024	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente do Pleno municipal do día 20 de maio de 2024
635/2024	20-05-2024	Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de abril de 2024 por importe de 57.749,69 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o pagamento de 57.749,69 euros"
636/2024	20-05-2024	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 23 de maio de 2024
637/2024	21-05-2024	Comparecer no procedemento ordinario número 0000106/204, recurso interposto por MJPS contra a desestimación presunta por

		silencio da licenza para ampliación de farmacia, vivenda e aparcadoiro e contra a resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Servizos núm. 206/2024 do 23/02/2024 pola que se suspende o procedemento de outorgamento da licenza solicitada, ante o Xulgado Contencioso Administrativo número 1 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada e encomendando tal defensa e representación ao letrado/a que corresponda do servizo de Asistencia Xurídica da Deputación da Coruña
638/2024	21-05-2024	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local. Modificar o prezo do contrato do servizo de limpeza nos edificios, instalacións e centros escolares municipais do Concello de Cambre adxudicado á "Empresa de Transformación Agraria, S.A." (TRAGSA) por resolución da alcaldía núm. 605/2024, do 9 de maio, quedando o mesmo fixado no prezo/hora máximo de 36,10 euros (sen IVA) e no prezo/hora mínimo de 27,00 euros (sin IVA) en función do grado de execución das partidas do presuposto aportado pola empresa, cun máximo de 760.929,24 euros (21% IVE incluído), 628.867,14 (IVE excluído)
639/2024	22-05-2024	Ordenar a MFL que roce a maleza existente na finca sita en Cecebre, así como a poda das polas secas dos dous piñeiros sitos na dita finca, concedéndolle a tal efecto un prazo de 15 días a contar a partir do seguinte ao da presente notificación, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservarlos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles
640/2024	22-05-2024	Iniciar expediente de orde de execución a MGM e os herdeiros de EMC para a roza e poda da vexetación existente na parcela sita en Sigrás, que está a invadir a vía pública, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
641/2024	22-05-2024	Iniciar expediente de orde de execución a RH, S.L. para a roza da vexetación existente na parcela sita en Cambre, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
642/2024	22-05-2024	Ordenar aos herdeiros de JDP que retiren o entullo caído sobre o camiño público municipal provenientes do cerramento existente na parcela sita na parroquia de Anceis. Iniciar expediente de orde de execución aos herdeiros de JDP, co fin de que reparen o cerramento existente na parcela indicada, de acordo co disposto polos artigos 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
643/2024	22-05-2024	Denegar a solicitude realizada para a instalación dunha terraza a situar sobre unha plataforma de madeira fronte ao local situado no Paseo Marítimo, parroquia do Temple, por canto que a dita plataforma non conta co preceptivo título habilitante, de acordo co disposto polo artigo 10 j) da Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en terreos de uso público. Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística co obxecto de determinar a



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		compatibilidade co ordenamento urbanístico vixente da instalación da citada plataforma.Solicitante: CR, S.L.
644/2024	22-05-2024	Conceder a ampliación do prazo outorgado para a presentación da documentación requirida no expediente mediante oficio de data 26 de abril de 2024 outorgando 7 días hábiles adicionais aos inicialmente concedidos. Solicitante: Vdos SdosS
645/2024	22-05-2024	Incoar expediente a JCG para a imposición de multas coercitivas, con periodicidade mínima mensual e por un importe, cada vez, de 1000,00 €, ata o íntegro cumprimento da resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras do día 24 de xaneiro de 2020, confirmada por resolución do alcalde do día 22 de xuño de 2020, pola que se ordenou a demolición das edificacións sitas en Cecebre, ao non ser as obras realizadas nas mesmas legalizables polos motivos expostos no expediente de reposición da legalidade urbanística
646/2024	22-05-2024	Considerar desistida a EB da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora, solicitada con data 6/3/2024, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
647/2024	22-05-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: RMDaRV
648/2024	22-05-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: NBPS
649/2024	22-05-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: JSACH
650/2024	22-05-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: NBB
651/2024	22-05-2024	Considerar desistida a TTP da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 21/3/2024, por non achegar a documentación completa requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
652/2024	22-05-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 26/03/2024, xa que segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: MChDdeF
653/2024	22-05-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 7/05/2024 xa que segundo o disposto no artigo 2.1 da ordenanza reguladora, non reúne o requisito de empadramento para poder ser beneficiaria. Solicitante: SVLF
654/2024	22-05-2024	Requirir a JFP e aos herdeiros de JCP que reparen o muro existente na parcela sita en Santa Maria de Vigo, mediante a presentación da pertinente comunicación previa
655/2024	22-05-2024	Declarar a caducidade do expediente ao ter transcorrido o prazo máximo para resolvelo sen que se tivera notificado ao interesado resolución expresa. Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística co obxecto de determinar a compatibilidade co ordenamento urbanístico vixente das obras realizadas por RABG e VCD na finca situada en Brexo, consistentes na construción dunha canceira e obras no peche lindeiro co camiño publico carecendo do preceptivo título habilitante, de conformidade co disposto polo artigo 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
656/2024	22-05-2024	Considerar desistida a MRC da solicitude de prestación do servizo de axuda no fogar solicitada con data 04/03/2022 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
657/2024	22-05-2024	Declarar a EFR, S.L., responsable deunha infracción de carácter moi grave, consistente na realización dunha talla na parcela sita en Santa María de Vigo, sen ter presentado o preceptivo aval e dunha infracción de carácter grave, consistente na realización da dita talla, sen ter presentado a preceptiva comunicación previa de talla. Como consecuencia do anterior, impoñer ao infractor as seguintes sancións: - 1.500 euros, pola infracción moi grave; - 500 euros, pola infracción grave
658/2024	22-05-2024	Delegar no concelleiro don David López Saborido a competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de CGA e MMPP
659/2024	22-05-2024	Aprobar, con efectos do 1 de maio de 2024, a relación de 3 altas e 6 baixas para participar no Programa das escolas de actividade física e saúde ano 2024
660/2024	22-05-2024	Conceder a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar a situar na parroquia de Bribes. Solicitante: VGC
661/2024	22-05-2024	Conceder a licenza para a rehabilitación da vivenda unifamiliar sita na parroquia de Bribes. Solicitante: AMR
662/2024	22-05-2024	Expedientes sancionadores de tráfico
663/2024	22-05-2024	Conceder a renovación da licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3

		do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais. Solicitante: MEQC
664/2024	22-05-2024	Avocar a delegación xenérica da área de Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá a prol do segundo tenente de alcaldesa, don Daniel Mallo Castro
665/2024	22-05-2024	Comparecer no procedemento abreviado 222/2023, recurso contencioso-administrativo contra a desestimación do recurso de reposición interposto por MdeIMCV contra a resolución da concelleira delegada da Area de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 16 de xuño do 2023 pola que se lle cesaba como funcionaria interina, perante o Xulgado Contencioso-administrativo número 4 da Coruña exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación a calquera letrado adscrito á Asesoría Xurídica da excma. Deputación provincial da Coruña
666/2024	22-05-2024	Aprobar a proposta de mandamento de pago, así como o seu pagamento de 132.775,88 euros a prol de Augas de Galicia, correspondente á autoliquidación do canon da auga do primeiro cuadrimestre do 2024
667/2024	23-05-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: JE
668/2024	23-05-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: AKPG
669/2024	23-05-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: SBP
670/2024	23-05-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 01/04/2024, xa que segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: OPGF
671/2024	23-05-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o data 22/04/2024, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o saldo medio de aforro bancario supera o máximo establecido pola ordenanza. Solicitante: AGMM
672/2024	23-05-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 8/04/2024, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os

		requisitos esixidos no artigo 2, o saldo medio de aforro bancario supera o máximo establecido pola ordenanza. Solicitante: MEBC
--	--	---

#### **4.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter á consideración da Xunta de Goberno Local os seguintes asuntos:

- 4.1. Proposta relativa á devolución da garantía constituída pola empresa adxudicataria “Alboroto Producciones, S.L.” para o Lote 2 “Subministración dos elementos e o persoal necesarios para a prestación de todos os servizos que require a produción do festival” da contratación artística e produción do XXXI Festival Rock in Cambre 2023, polo importe de 2.750,00 euros, Exp: 2023/C004/000016.
- 4.2 Proposta relativa á aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, do Plan de Xestión de Residuos e do Programa de traballo presentados pola empresa “Jardinería Arce, S.L.”, para a execución da obra denominada “Reforma del parque infantil situado en rúa Francisco Rodríguez (Cambre)”. Expediente: 2022/C003/000020

A Sra. Presidenta intervén e manifesta que a urxencia dos asuntos vén motivada respecto da proposta relativa á devolución da garantía constituída pola empresa adxudicataria “Alboroto Producciones, S.L.” para o Lote 2 “Subministración dos elementos e o persoal necesarios para a prestación de todos os servizos que require a produción do festival” da contratación artística e produción do XXXI Festival Rock in Cambre 2023 porque considera necesario acelerar a resolución do expediente; respecto da proposta relativa á aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, do Plan de Xestión de Residuos e do Programa de traballo presentados pola empresa “Jardinería Arce, S.L.”, para a execución da obra denominada “Reforma del parque infantil situado en rúa Francisco Rodríguez, pola necesidade de comezar a obra.

A continuación a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia dos asuntos anteriormente citados e é aprobada por unanimidade.

#### **4.1. PROPOSTA RELATIVA Á DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA CONSTITUIDA POLA EMPRESA ADXUDICATARIA “ALBOROTO PRODUCCIONES, S.L.” PARA O LOTE 2 “SUBMINISTRACIÓN DOS ELEMENTOS E O PERSOAL NECESARIOS PARA A PRESTACIÓN DE TODOS OS SERVIZOS QUE REQUIRE A PRODUCCIÓN DO FESTIVAL” DA CONTRATACIÓN ARTÍSTICA E PRODUCCIÓN DO XXXI FESTIVAL ROCK IN CAMBRE 2023, POLO IMPORTE DE 2.750,00 EUROS, EXP: 2023/C004/000016**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local proposta da Alcaldía de data 27 de maio de 2024 (CVD: 6SO7sBYrhz4wHSyZCjCS), que transcrita di:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto que a Xunta de Goberno Local en sesión de 12.07.2023 acordou adxudicar o Lote nº 2 “Subministración dos elementos e o persoal necesarios para a prestación de todos os servizos que require a produción do festival” da contratación artística e produción do XXXI Festival Rock in Cambre 2023, a favor do licitador “Alboroto

Producciones, S.L.”, no prezo ofertado de 55.000,00 euros sen IVE (66.550,00 euros IVE incluído) Exp: 2023/C004/000016.

Visto que depositouse unha fianza definitiva constituída mediante depósito en metálico, da data 29 de xuño de 2023 por importe de 2.750,00 euros (núm. de rexistro 1125).

Vista a solicitude presentada por Don Javier Sevilla Rodenas, en representación da empresa Alboroto Producciones, S.L., con data 27.04.2024 (núm. de rexistro de entrada 202499900002558), na que solicita a devolución da fianza depositada para garantir a correcta execución do contrato.

Visto o informe emitido polo coordinador de actividades deportivas e culturais José Luis Martínez Názara de data 30.04.2024 (CVD: q7o5iwFyp9p9fTNmhLAM), no que entre outras cousas sinala que:

“(…)

*Tendo transcorrido o prazo de garantía do servizo, e a teor do establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o técnico informante fai constar:*

*1.- Que por parte do informante non se formula ningunha obxección, polo que pode considerarse extinguida a responsabilidade do contratista e levar a cabo a devolución do depósito definitivo constituído por importe de 2.750,00 euros..*

(…)”

Visto o **INFORME DE INTERVENCIÓN REFERENCIA LMR DEVOLUCIÓN GARANTIA LOTE 2 ROCK IN CAMBRE 2023/2024** asinado con data do 20.05.2024 (CVD: 6gFEpwXf6TREFGBOLuCD), no que entre outras cousas sinala que:

“(…)”

### **III) CONSIDERACIONES**

#### **Primeira: Responsabilidades a que están afectas as garantías.**

O artigo 110 da LCSP dispón:

“La garantía definitiva únicamente responderá de los siguientes conceptos:

- a) De la obligación de formalizar el contrato en plazo, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 153.
- b) De las penalidades impuestas al contratista conforme al artículo 192 de la presente Ley.
- c) De la correcta ejecución de las prestaciones contempladas en el contrato incluidas las mejoras que ofertadas por el contratista hayan sido aceptadas por el órgano de contratación, de los gastos originados a la Administración por la demora del contratista en el cumplimiento de sus obligaciones, y de los daños y perjuicios ocasionados a la misma con motivo de la ejecución del contrato o por su incumplimiento, cuando no proceda su resolución.
- d) De la incautación que puede decretarse en los casos de resolución del contrato, de acuerdo con lo que en él o en esta Ley esté establecido.
- e) Además, en los contratos de obras, de servicios y de suministros, la garantía definitiva responderá de la inexistencia de vicios o defectos de los bienes construidos o suministrados o de los servicios prestados durante el plazo de garantía que se haya previsto en el contrato”



### **Segunda: O prazo de garantía**

O artigo 111.1 LCSP determina que: "La garantía no será devuelta o cancelada hasta que se haya producido el vencimiento del plazo de garantía y cumplido satisfactoriamente el contrato de que se trate, o hasta que se declare la resolución de este sin culpa del contratista"

A cláusula 27 das dos PCA (CVD: RWR4815J9J6JTSWvZDgm) dispón que:

#### **"27. Recepción y plazo de garantía.**

El contrato se entenderá cumplido por el contratista cuando este haya realizado, de acuerdo con los términos del mismo y a satisfacción de la Administración, la totalidad de la prestación, de conformidad con lo previsto en el artículo 210 de la LCSP.

El contrato tendrá un plazo de garantía de un mes a partir de la fecha en que se efectúe el acto formal haciendo constar que se realizaron satisfactoriamente todos los trabajos correspondientes al objeto del contrato.

Transcurrido dicho plazo sin que el Ayuntamiento formulase objeción alguna, quedará extinguida la responsabilidad del contratista.

Si durante el plazo de garantía se acreditara la existencia de vicios, defectos u omisiones en las obligaciones a su cargo o en los trabajos efectuados, el órgano de contratación tendrá derecho a reclamarle al contratista que los enmiende.

Finalizado el plazo de garantía sin que la Administración hubiera formalizado alguno de los reparos o la denuncia referida, el contratista quedará exento de responsabilidad por la prestación efectuada.

Después de cumplido el objeto del contrato y prestada la conformidad por la Administración, se le dará curso a la cancelación de la garantía definitiva."

### **Terceira: O informe asinado o 30.04.2024 (CVD: q7o5iwFyp9p9fTNmhLAM) polo coordinador de actividades deportivas e culturais**

De conformidade có informe asinado 30.04.2024 (CVD: q7o5iwFyp9p9fTNmhLAM) polo coordinador de actividades deportivas e culturais:

"(.../...)Tendo transcurrido o prazo de garantía do servizo, e a teor do establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o técnico informante fai constar:

1.- Que por parte do informante non se formula ningunha obxección, polo que pode considerarse extinguida a responsabilidade do contratista e levar a cabo a devolución do depósito definitivo constituído por importe de 2.750,00 euros.. (.../...)"

### **Cuarta: Extremos obxecto de comprobación**

- ✓ O informe técnico é favorable á cancelación ou devolución, por transcorrer o prazo de garantía e realizarse a prestación a plena satisfacción.
- ✓ A garantía non está afecta o cumprimento das penalidades impostas ao contratista
- ✓ A garantía non está afecta o cumprimento de obrigacións derivadas do contrato, gastos orixinados á Administración por demora do contratista no cumprimento das súas obrigacións e dos danos e prexuízos ocasionados á mesma con motivo da execución do contrato ou no suposto de incumprimento do mesmo sen resolución
- ✓ A garantía non foi incautada por resolución do contrato
- ✓ Non constan ordes de embargo de autoridades xudiciais ou administrativas, sobre créditos pendentes

### **IV)CONCLUSIONS**

Infórmase **favorablemente** a devolución de la garantía depositada por “Alboroto Producciones, S.L.” por importe de 2.750,00 € correspondente ao LOTE 2 “Subministración dos elementos e do personal necesarios para a prestación de todos os servizos que require a produción do festival” do contrato administrativo de execución da contratación artística e produción do XXXI festival “ROCK IN CAMBRE 2023”

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido e asino o presente informe en Cambre na data que figura na marxe.

(...)”

Vistos os artigos 107-111 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de contratos do sector Público, pola que traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

Tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 584/2024, do 7 de maio, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Devolver a garantía constituída pola empresa adxudicataria “Alboroto Producciones, S.L.” para o Lote 2 “Subministración dos elementos e o persoal necesarios para a prestación de todos os servizos que require a produción do festival” da contratación artística e produción do XXXI Festival Rock in Cambre 2023, polo importe de 2.750,00 euros, Exp: 2023/C004/000016.

**Segundo:** Notificar este acordo ao interesado e dar traslado do mesmo a Intervención e Tesourería municipais.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 27 de maio de 2024 (CVD: 6S07sBYrhz4wHSyZCjCS), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

**4.2 PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS E DO PROGRAMA DE TRABALLO PRESENTADOS POLA EMPRESA “JARDINERÍA ARCE, S.L.”, PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DENOMINADA “REFORMA DEL PARQUE INFANTIL SITUADO EN RÚA FRANCISCO RODRÍGUEZ (CAMBRE)”. EXPEDIENTE: 2022/C003/000020**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local proposta da Alcaldía de data 27 de maio de 2024 (CVD: iUq7dJDkEXfEo1RkrzoK), que transcrita di:

## “PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de contratación incoado co número 2022/C003/000020 para a contratación da obra “Reforma del parque infantil situado en rúa Francisco Rodríguez (Cambre)”, obra incluída en el Plan provincial de cooperación a las obras y servicios de competencia municipal (Plan único de ayuntamientos) “POS+ 2021”

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de decembro de 2023 polo que se adxudicou a obra á empresa “Jardinería Arce, S.L.”, formalizándose o correspondente contrato con data 09 de xaneiro de 2024.

Visto o informe favorable emitido polo Coordinador de Seguridade e Saude para a aprobación do Plan de Seguridade e Saude aportado pola empresa Jardinería Arce, S.L. de data 21/05/2024, con número de rexistro de entrada 202499900003176.

Visto o informe favorable emitido con data 22 de maio 2024 (CVD: GI4b8S5r7jkcmeht96T) polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino no que entre outras cousas sinala:

*(...)Visto el informe favorable emitido por el Coordinador de Seguridad y Salud para la aprobación del Plan de Seguridad y Salud aportado por la empresa contratista de la obra de referencia (registro de entrada 202499900003176, de fecha 21/05/2024), y en función del art. 7.2 del “Real Decreto 1627/1997 por el que se establecen las disposiciones mínimas de seguridad y saluden las obras de construcción”, EMITO INFORME FAVORABLE para su aprobación, y por lo tanto, se propone:*

*Evarlo al Órgano de Contratación para proceder a su aprobación.*

(...)

Visto o informe favorable emitido polo director de obra, Álvaro Vázquez Herrero, Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos colegiado nº 12.885, para a aprobación do Plan de Xestión de Residuos aportado pola empresa Jardinería Arce, S.L. de data 25/05/2024, con número de rexistro de entrada 202499900000477.

Visto o informe favorable emitido con data 23 de maio 2024 (CVD: cZU7tMRCWQQEgZT2Z3c1) polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino no que entre outras cousas sinala:

*(...)Visto que el Plan de Gestión de Residuos aportado por la empresa contratista de la obra de referencia, con el visto bueno del director de obra, Álvaro Vázquez Herrero, Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos colegiado nº 12.885, (registro de entrada 202499900000477, de fecha 25/01/2024), y en función del art. 18.2 del Pliego de Cláusulas Administrativas Particulares que han servido para la adjudicación de la misma, EMITO INFORME FAVORABLE para su aprobación, al considerarlo conforme a lo estipulado en el R.D. 105/2008 por el que se regula la producción y gestión de residuos de construcción y demolición, y a la Ley 7/2022, de 8 de abril, de residuos y suelos contaminados para una economía circular; y por lo tanto, se propone:*

*• Elevarlo al Órgano de Contratación para proceder a su aprobación. (...)*

Visto o Programa de Traballo presentado pola empresa Jardinería Arce, S.L. de data 21/05/2024 con número de rexistro de entrada 202499900003165, en función da cláusula 18.2 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que han servido para a adxudicación da mesma.

Visto o informe emitido con data de 22 de maio 2024 (CVD: 69jrcr1dQkIV7TZ74Bkv) polo enxeñeiro técnico de obras públicas municipal no que entre outras cousas sinala:

(...) Visto el plazo de ejecución de la obra de referencia (2 MESES), según consta en la cláusula Cuarta del Contrato administrativo de ejecución de la obra, y en epígrafe Seis del cuadro de características del contratodel Pliego de Clausulas Administrativas Particulares (PCAP), y el Programa de Trabajos presentado por el Contratista (registro de entrada 202499900003165, de fecha 21/05/2024); en función de la cláusula 18.2 del Pliego de Cláusulas Administrativas Particulares que han servido para la adjudicación de la misma, como supervisor de esta, se propone:

Elevarlo al Órgano de Contratación para proceder a su aprobación.(...)

Tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 584/2024, do 7 de maio, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde presentado pola empresa “Jardinería Arce, S.L.”, para a execución da obra denominada “Reforma del parque infantil situado en rúa Francisco Rodríguez (Cambre)”, (expediente: 2022/C003/000020).

**Segundo:** Aprobar o Plan de Xestión de Residuos presentado pola empresa “Jardinería Arce, S.L.”, para a execución da obra denominada “Reforma del parque infantil situado en rúa Francisco Rodríguez (Cambre)”, (expediente: 2022/C003/000020).

**Terceiro:** Aprobar o Programa de Traballo presentado pola empresa “Jardinería Arce, S.L.”, para a execución da obra denominada “Reforma del parque infantil situado en rúa Francisco Rodríguez (Cambre)”, (expediente: 2022/C003/000020).

**Cuarto:** Notificar este acordo á empresa “Jardinería Arce, S.L.”, a don Álvaro Vázquez Herrero e á Gallega de coordinaciones, S.L. e dar traslado ao enxeñeiro técnico de obras públicas interino para a súa constancia e a efectos oportunos.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnaló directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 27 de maio de 2024 (CVD: iUq7dJDkEXfEo1RkrzoK), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

## **5.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formula ningún/ningunha.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

A presidenta

María Dolores Pan Lesta

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo